



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 04 DE FEBREIRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00004338Y.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/9/2017.

Orde de continuidade do servizo Servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela. (CON/9/2017)

Dase orde ás empresas SERVISAR SERVICIOS SOCIALES SL, actual prestataria do lote I do servizo axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela, e EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA, prestataria do lote II, para que a partir do 13 febreiro de 2021 continúen a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viñan facendo de conformidade co contrato anterior e ata que a aprobación dos orzamentos 2021 do Concello permitan concluír os trámites precisos para adxudicación do novo contrato e posterior inicio do servizo.

3. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00001635V.

Acordo para a participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS +2021 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

Acórdase participar no “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal” (Plan único de Concellos POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña) para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade; e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais polo importe de **320.521,02 euros**. Esta cantidade desglosaríase en:

- Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de financiamento dos servizos sociais municipais FOPP. O gasto vai dirixido a nova contratación: **37.901,85 euros**.
- Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración: **88.778,52 euros**.

- Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS). **83.840,65 euros.**
- Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar. **110.000 euros.**

4. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00004338Y.

Solicitud de participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2021.

Apróbase o Plan Complementario de 2021, e acórdase participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega de **1.222.868,46 euros.**

A achega provincial para 2021 son 528.859,68 euros; e para 2020, 694.008,78 euros, que corresponden a investimentos financeiramente sostíbles, incluíndo as seguintes obras:

- a ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase): 268.000 euros.
- o acondicionamento do Camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns-Villestro): 182.041 euros
- a mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro: 63.326,8 euros
- a mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta: 78.622,86 euros
- a pavimentación do conxunto parroquial de Grixoa: 54.814,21 euros;
- a pavimentación da Rúa Elena Quiroga, A Barca e A Braña de Silvouta (Villestro): 54.814,21 euros.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00004364D.

Proposta á Xunta de Goberno Local de aprobación do proxecto de rehabilitación do firme da vía Edison.

Apróbase o proxecto de "REHABILITACIÓN DE FIRME NA VÍA DE EDISON" cun orzamento de execución material de 120.000 euros (99.173,56 euros máis o 21% de IVE que ascende a 20.826,44 euros); e un prazo de execución de dous meses. Tamén se acorda remitir este proxecto á Xunta de Galicia para solicitar unha subvención para executar as obras previstas nel na vía Edison de Santiago de Compostela con arreglo ao previsto na Orde do 18 de decembro de 2020 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encaminadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.